



Reclamante: [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 0085/2018**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 5 de xullo de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED], representante da Asociación [REDACTED], presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 5 de xullo de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desatendida unha solicitude de acceso á información ao Concello de Mondoñedo de acceso á información pública e remisión de copia relacionada co xacemento arqueolóxico do Castro do Monte da Trindade ou Castro de Flores, situado entre os concellos de Mondoñedo e Lourenzá (claves GA27030022; GA27027012).

O interesado presentou a súa solicitude con data do 7 de maio de 2018, no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, dirixido ao Concello de Mondoñedo, sen que ata a data recibira resposta.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude de acceso á información e copia do DNI do solicitante.

Segundo. Con data do 9 de xullo de 2018 déuselle traslado da documentación achegada polo ao Concello de Mondoñedo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 13 de xullo de 2018.

Terceiro. Con data do 30 de xullo de 2018, recibíuse o informe do Concello de Mondoñedo no que manifesta que non se dictou acordo denegatorio algún do acceso solicitado e que o acceso, lonxe de

versar sobor un expediente concreto, exténdese á totalidade da documentación existente no Concello de Mondoñedo sobor o xacemento arqueolóxico Castro da Trindade entre os anos 1990 e 2018. Por tanto o eido documental e temporal é enorme, xa que se pretende que os servizos municipais examinen a totalidade da documentación existente nos arquivos municipais nos últimos 28 anos a fin de identificar todo posible documento existente sobor o Castro sexa cal sexa os expedientes nos que figure.

Esta solicitude esixe, polo tanto, unha labor de recopilación e elaboración que excede da simple identificación de un expediente e da facilitación do seu acceso, motivo polo cal non puido ser atendida a día de hoxe.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro establece que a competencia para resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente exixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

De acordo co anterior, e dado que no presente caso a Administración non resolveu expresamente, debe admitirse a reclamación presentada por estar en prazo.

Quinto. Análise do expediente

O recurso substitutivo presentado ante a Comisión da Transparencia polo interesado deriva da falta de resposta do Concello de Mondoñedo ante a solicitude de acceso á información sobre o expediente referente a xacemento arqueolóxico do Castro do Monte da Trindade ou Castro de Flores.

O informe remitido polo Concello de Mondoñedo, expón que a información solicitada polo reclamante non é un expediente único, senón que se estende á totalidade da documentación existente no Concello de Mondoñedo sobre o xacemento arqueolóxico Castro da Trindade entre os anos 1990 e 2018, polo que se fai necesario que polos servicios municipais examinen a totalidade da documentación existente nos arquivos municipais nos últimos 28 anos a fin de identificar todo posible documento existente sobre o Castro, sexa cal sexa os expedientes nos que figure. Esta solicitude esixe, polo tanto, unha labor de recompilación e elaboración que excede da simple identificación de un expediente e da facilitación do seu acceso, motivo polo cal non puido ser atendida a día de hoxe.

O interesado solicitou unha información que está en poder do concello e que foi elaborada no exercicio das súas funcións, polo que procede a estimación do presente recurso, por ter o solicitante, de acordo co disposto no artigo 24 da Lei 1/2016, dereito ao acceso á mesma, e que catro meses despois da súa solicitude non se lle proporcionou, polo que procede a estimación da reclamación presentada.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] (Rpte. da Asociación [REDACTED]) contra a denegación presunta da solicitude de información dirixida ao Concello de Mondoñedo referida ao xacemento arqueolóxico do castro do Monte da Trindade ou castro de Flores, situado entre os concellos de Mondoñedo e Lourenzá (claves GA27030022; GA27027012).

Segundo: Instar ao Concello de Mondoñedo a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar ao Concello de Mondoñedo a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, de conformidade co previsto no artigo 8.2 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, a 19 de setembro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga